

C

Compostela
Cultura

VENTA DE ENTRADAS

ONDE?

- Preferentemente a través do portal compostelacultura.gal
- Despacho de billetes da Zona C- Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Teléfono 981 542 462
- Despacho de billetes do Auditorio de Galicia e o Teatro Principal dende 1 hora antes do comezo do concerto
- Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.
- Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

AVISO!

Pregamos contrastar a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal

ESPAZOS

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela
981 552 290 (oficinas)
981 571 026 (despacho de billetes)

TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
981 542 461 (oficinas)
981 542 349 (despacho de billetes)

ZONA C. PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

Rúa do Preguntoiro, 1 (Praza de Cervantes)
15704 Santiago de Compostela
981 542 462

C

Compostela
Cultura

MÚSICA
2025

XAN—MAI

AUDITORIO
DE GALICIA

TEATRO
PRINCIPAL





LINA_

FADO CAMÕES

Sábado, 1 de febreiro | 20.30 h
Auditorio de Galicia
14 € (con descontos do 50%)

A música de LINA_ volve dar nova vida ao fado tras o éxito da súa primeira produción xunto a Raúl Refree. FADO CAMÕES está a conquistar Europa coa súa visión renovada do xénero e da poesía dun dos autores da literatura universal, na que a voz da artista portuguesa se une aos sons do piano, os sintetizadores, e o violín de Ianina Khemelik e á inconfundible guitarra portuguesa de Pedro Viana.

Neste novo traballo arredor da poesía de Camões, e coa expresividade vocal no centro, acádase un son renovado que nos conmove, unha música viva que por momentos nos sitúa na melancolía e a suspensión, pero que ante todo é unha celebración da existencia.



ABE RÁBADE

TEMPO DE COR

Xoves, 13 de febreiro | 20.30 h
Teatro Principal
12 € (con descontos do 50%)

Abe Rábade presenta o seu novo traballo, o décimo sexto da súa carreira, xunto á súa sección rítmica habitual; Pablo Martín Caminero ao contrabaixo e Bruno Pedroso á batería.

TEMPO DE COR, editado polo selo Karonte, é un disco temático sobre a psicoloxía da cor. Sete temas orixinais inspirados polo poder de evocación do vermello, laranxa, amarelo, verde, azul, púrpura e branco convidan o oínte a deixarse bañar por un sinestésico xogo que marida son e imaxe mental. Durante o proceso creativo, Abe contou coa colaboración da artista plástica Beatriz Sáa, quen traballa coa cor como textura e elaborou unha base pictórica que acompaña o traballo na súa versión discográfica física, en soporte virtual e no escenario.



UXÍA, 40 ANOS

Domingo, 16 de marzo | 20.00 h
Auditorio de Galicia
12 € (con descontos do 50%)

Uxía Senlle, unha das grandes voces da música do país e unha figura clave na preservación e difusión da nosa cultura, celebra 40 anos nos palcos cun concerto inesquecible en Compostela.

Nesta ocasión especial, estará arroupada por un feixe de artistas e amizades que compartiron con ela músicas e percorrido nunha noite que lembrará os momentos máis especiais dunha traxectoria chea de emoción, irmandade e vencello coa terra. Diversidade de voces e sons para festexar a andaina desta cantora imprescindible.



TAIBO

Xoves, 8 de maio | 20.30 h
Teatro Principal
12 € (con descontos do 50%)

Rosalía Gómez Lasheras, Abe Rábade e Alejandro Vargas, pianistas aclamados polo seu virtuosismo e a súa capacidade de trasladar emocións en escenarios de todo o mundo, únense para dar forma a TAIBO. Esta proposta conxuga os seus particulares universos sonoros para celebrar a Luís Taibo, un extraordinario compositor e pianista compostelán, autor dunha obra que se cría perdida na súa maior parte. Este encontro de pianistas excepcionais conforma un espectáculo único: unha viaxe a un mundo descoñecido pero familiar e acolledor, tan desbordante de enerxía como profundamente lírico e intimista. Alén do musical, TAIBO tamén nos descubrirá o pensar e sentir do maestro compostelán a través do misterio da palabra poética cantada da man dunha voz convidada aínda por revelar.